

 XUNTA DE GALICIA	CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA Delegación Provincial- PONTEVEDRA
	Avda. Montero Ríos, s/n – 36001-PONTEVEDRA Teléfonos: 986.80.59.00-36 Fax: 986.80.59.37

RECTIFICACIÓN DA CIRCULAR REMITIDA CON DATA 20 DE AGOSTO DE 2007

CIRCULAR SOBRE A CONVOCATORIA DE BOLSAS DE ESTUDOS PARA ALUMNOS DE NIVEIS POSTOBRIGATORIOS PARA O CURSO 2007 –2008.

Comunícolle que no BOE do 14 de xullo, publícase a convocatoria para estudos postobrigatorios .

Pódese obter a información e o modelo de solicitude na páxina web <http://becas.mec.es>

É importante que os centros educativos dean a maior publicidade a esta circular, revisen a correcta cumprimentación das solicitudes e comprobén que se aportan os documentos obrigatorios.

Actuación da unidade familiar

Deberá cubrir os apartados indicados na solicitude, que se pode mercar nos estancos, e asinarán nas páxinas 2, 4 e 5 as persoas reseñadas no impreso.

Considéranse membros da unidade familiar ademais do solicitante, os pais ou titores, os irmáns solteiros que vivan no domicilio familiar que naceron no ano 1982 e anos posteriores ou de maior idade cando sexan discapacitados físicos, síquicos ou sensoriais e os ascendentes dos pais do solicitante que vivan no domicilio familiar.

Deberá cubrir en tódolos casos o apartado 1 da páxina 7, indicando os estudos que fixo no curso 2006-2007, ou ben no último curso realizado.

Deberán aportar a documentación seguinte:

Copia dos datos identificativos da conta bancaria (código conta cliente), onde consten os titulares da conta. O solicitante deberá ser titular ou cotitular de dita conta.

Copia do DNI ou no seu caso número de identificación de estranxeiro (NIE) de tódolos membros da unidade familiar maiores de 14 anos, que naceron antes do 14 de xullo de 1993. Non son válidos os documentos de identidade estranxeiros.

Documentación acreditativa das situacións declaradas na páxina 5 apartado H, xa que en caso contrario non se poderán facer as deducións que establece a convocatoria.

As solicitudes presentaránse no Centro Escolar onde vaia quedar matriculado o alumno no curso 2007 –2008. O prazo para presentar as solicitudes no centro remata o 31 de outubro.

Actuación do Presidente do Consello Escolar.

Cubrir en tódolos casos a páxina 8, indicando entre outros datos, os créditos/ asignaturas/ módulos , nos que está matriculado no curso 2007-2008, se é un curso completo ou ben a lo menos a metade dos módulos do ciclo e se repite o curso. **No caso de ciclos por módulos especificar a suma horaria dos módulos matriculados.**

Deberán cubrir o apartado 2 da páxina 7 cando o alumno no curso 2006-2007 estivese matriculado nun curso diferente de primeiro ou ben sexa repetidor.

No caso de alumnos matriculados en primeiro curso no ano 2007-2008, será preciso cubrir dito apartado cando o alumno realice un cambio de estudos que non implique un progreso académico previsto na lexislación vixente. Por exemplo para un alumno matriculado en primeiro curso dun ciclo medio, non serán precisas as notas se fixo a ESO, pero serán de obriga se fixo outro ciclo ou bacharelato

Deberán cubrir neste apartado, entre outros datos, os créditos/asignaturas/módulos nos que estivo matriculado no curso 2006-2007 se o alumno promociona de curso e se foi repetidor no curso 2006-2007, neste caso se non aprobou tódalas asignaturas, indicar na páxina 8 as suspensas. **No caso de ciclos superiores e outros estudos superiores hai que facer constar o número de asignaturas/módulos/ créditos superados no curso 2006-2007.**

Deberán remitir as solicitudes a esta delegación provincial ata o 10 de novembro, xunto cunhas relacións, alfabetizadas dos alumnos, por tipo de estudos. Coa finalidade de axilizar a tramitación das solicitudes, os centros poden facer varios envíos, sen esperar ó remate do prazo das convocatorias.

Pontevedra 22 de agosto de 2007

O Delegado Provincial



Asdo. José Armando Cristóbal Fernández Vázquez..

A tódolos centros educativos dependentes da Consellería de Educación da provincia.